

Antón Cortizas

"Vela como un xénero menor é como considerar a un pediatra un médico menor"

Gañador tres veces do Premio Barco de Vapor, Antón Cortizas vén de publicar "Os amores de Bruno" (Planeta&Oxford).

En que momento está? "Está á altura que ten, que é, non só a LIX, senón toda a literatura galega, en función dos habitantes que somos neste país, dos lectores que ten este país e dos habitantes que len en galego neste país, próxima á constelación de Lira. Dicia Cunqueiro que Galicia é un país dado á fantasía, e é verdade que hai moitísimos escritores en proporción á poboación e aos lectores. Eu non creo que cada vez os cativos lean menos, senón todo o contrario, pois entra no currículo escolar. Penso que, en calidade, estamos ao nivel de calquera país europeo".

Segue véndose como un sub-tipo literario? Hai moito iluminado que cre que mentres non fas unha novela non es escritor. Iso é tan absurdo como considerar un médico menor a un pediatra. Un adulto que escribe para adultos teno un pouco máis fácil —enténdase ben— que para rapaces, sen que a escritura teña un "para", porque creo que quen escribe faino para si aínda que logo as súas historias sirvan para que outras persoas as comprendan ou as asuman. Quen escribe LIX non é que estea predeterminado a iso, senón que as historias que escribe son válidas para ser lidas por persoas de menor idade, o que non quere dicir que non sexa capaz de facer outro tipo de historias.

Como se enfoca unha obra de LIX?

Hai que ter unha forma moi especial de narrar para crear eses relatos: quen interpreta esa historia non é un lector cunha bagaxe de moitos anos, polo que ten unhas certas limitacións en canto ao estilo, ten que ser comprensible e útil para rapaces de certa idade, sen ser por iso unha ñoñería. O difícil é utilizar figuras literarias que sexan comprensibles para persoas máis pequenas e para iso hai que traballar moito cada páxina, reléndoa un cento de veces, corrixíndoa, etc. Son moitas horas...".

